

**ANA CARREIRA** é titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia pola ESAD de Galicia. Entrou en contacto co mundo teatral da man de Achádego Teatro e da Aula de Teatro da USC. Imparte docencia sobre narración oral no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV) do Concello de Vigo. Ademais de actriz e de narradora oral, como escritora publicou o libro infantil *O vixilante dos soños* (Editorial Galaxia). En 2014 recibiu o premio Varela Buxán de Dramaturxia pola súa peza *Un intre antes do solpor*.

**MANU POLO** é titulado en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia, cun mestrado en Pedagogía Teatral pola UVigo. Comezou a súa traxectoria teatral na Aula Universitaria do Campus de Lugo, para seguir formándose en diferentes disciplinas, entre as que se contan o *clown*, o teatro xestual ou a creación e manipulación de títeres. Formou a compañía *Titiritraun*, participou en montaxes para outras compañías e en varias curtametraxes, longametraxes e series de televisión. Como pedagogo imparte clases de micro-teatro e improvisación teatral no EspacioSimia de Vigo e de improvisación teatral no CIOV.

## OBRA TEATRAL

Tras o éxito acadado coa súa adaptación de *A galiña azul*, o clásico infantil de Carlos Casares, Ubú Teatro leva aos escenarios *Leonardo e os fontaneiros*, unha das obras máis salientables de María Victoria Moreno, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2018.

A obra está narrada polo protagonista, Antón, e Begoña, unha compañeira de clase, que lembran, xa maiores, as aventuras acontecidas no seu último ano de colexio. Tentando respectar o espírito do orixinal, esta nova adaptación teatral conduciranos ao universo do Antón de María Victoria Moreno a través de *flashbacks*.

A narración oral, a dramatización e o teatro de sombras con siluetas serán algunhas das diferentes técnicas espectaculares que se empregarán para levar a cabo a posta en escena, sempre deixando lugar á improvisación e á interacción co público.

Deste xeito, actor e actriz narrarán, actuarán e manexarán algúns dos personaxes para facer evolucionar as historias. Todo pensado para que os lectores e espectadores accedan dun xeito novidoso á obra de María Victoria Moreno e aos valores da aprendizaxe presentes en *Leonardo e os fontaneiros*.

# María Victoria Moreno Leonardo e os fontaneiros



Instagram: @galaxiainfantil

Facebook: @falamos.delibros

Website: www.editorialgalaxia.gal

Twitter: @EdGalaxia

Depósito legal: VG 717-2017





**María Victoria Moreno** (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 - Pontevedra, 2005), chegou a Galicia en 1963 tras conseguir unha praza de profesora nun instituto de Pontevedra. A súa identificación co noso país foi tan intensa que de seguida aprendeu galego e converteuno na súa lingua, tamén de creación. Boa parte da súa obra son contos e novelas dedicadas ao público infantil e xuvenil, eido onde destacou especialmente grazas a títulos como *A festa no faiado* (1983), *Leonardo e os fontaneiros* (1986) ou *¿E haberá tirón de orellas?* (1997). A súa novela para o público xuvenil *Anagnórise* (1988) obtivo un grande éxito entre os lectores, e figura na lista de honra do IBBY de 1990. Con *Guedellas de seda e liño* (1999) recibiu unha mención especial White Ravens no 2002. A súa preocupación pola difusión da lingua entre os máis novos levouna a colaborar na redacción de libros de texto e a dirixir a colección *Árbore* da Editorial Galaxia dedicada ao libro infantil.

*Leonardo e os fontaneiros* é un libro divertido, imaxinativo e cheo de sorpresas. A historia está protagonizada por Antón, un rapaz no último curso da escola, antes de pasar ao instituto, que decide narrarlle as súas vivencias a Leonardo, un can da rúa ao que coida coma se fose seu. Trátase dunha viaxe de aprendizaxe a través do curso académico en que, a partir de diversas aventuras, Antón comeza a medrar enfrontándose a temas como a morte, a identidade, a dignidade ou a incompreensión ante os comportamentos dos adultos.



Ilustracións de Manuel Uhía



## FICHA TÉCNICA DA OBRA

Autora orixinal: **María Victoria Moreno**

Título: *Leonardo e os fontaneiros*

Elenco: **Ana Carreira e Manu Polo**

Vestuario: **Marga Portomeñe**

Construción e deseño da escenografía: **Manu Polo**

Dramaturxia e dirección: **Ana Carreira**

Duración do espectáculo: **50 minutos**